

# EDUCACIÓN ARTÍSTICA

## 1. BREVE INTRODUCCIÓN Á MATERIA.

A materia de **Educación Artística de 4º de ESO** consiste no coñecemento das diferentes disciplinas que teñen que ver coa comunicación visual: o debuxo artístico e debuxo técnico, a fotografía, o vídeo, o deseño gráfico e a publicidade... e traballar dentro delas de xeito práctico.

Os contidos da materia teñen que ver con tres aspectos principais:

- **O manexo das técnicas gráfico-plásticas**, dende as máis habituais como as de debuxo ou pintura ata outras técnicas como a estampación, o graffiti, a escultura, sempre relacionadas coa súa aplicación práctica nos campos da arte e o deseño.
- **A fotografía, linguaxe visual e multimedia**, que teñen que ver coa comunicación audiovisual tanto no arte como na publicidade, as diferentes ramas do deseño (gráfico, de produto, de moda, de interiores...) o cine ou a animación, e có coñecemento de recursos e ferramentas dixitais.
- **O Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño**, que relaciona os contidos fundamentais de Debuxo técnico e o manexo das súas ferramentas coa súa aplicación práctica en diferentes disciplinas.

### ¡RESULTA INDICADA PARA AQUELES ALUMNOS QUE QUEIRAN CURSAR:

A modalidade de **bachillerato de Artes**, pola súa relación coas materias de Debuxo Artístico, Cultura Audiovisual, Debuxo Técnico Aplicado ás Artes Plásticas e ao Deseño, Proxectos Artísticos e Volume.

A modalidade de **bachillerato de Ciencias e Tecnoloxía**, pola súa relación coa materia de Debuxo Técnico.

Os **ciclos de grao medio** e **ciclos de grao superior** de Artes gráficas, Imaxe e son, Fotografía, Cerámica, Grabado, Confección e moda, Deseño e amoblamento, Comercio e márketing.

Un **grao universitario** de Belas Artes, Comunicación Audiovisual, Deseño Gráfico, Cine, Arquitectura, Publicidade, Xornalismo ou unha Enxeñaría Técnica.

**Ensinanzas artísticas superiores** de Deseño de Interiores, Deseño de Moda ou Deseño de produto.